

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro                      | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------------------|----------|---------------|
| 32016455 | IES Julio Prieto Nespereira | Ourense  | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Ámbito lingüístico social   | 4º ESO | 12               | 420            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 6             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 7             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 42            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 44            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 45            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 45            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 47            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 48            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 49            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 50            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 52            |
| 9. Outros apartados   | 52            |

## 1. Introducción

O ámbito Lingüístico e Social permítelle ao alumnado obter unha dimensión conxunta da evolución da sociedade actual, permítelle acercarse aos diferentes modos de vida polos que pasou o ser humano ao longo da historia e coñecer o patrimonio cultural, social, lingüístico e artístico do noso país. Por outra banda, este ámbito contribuirá á adquisición das competencias clave pois presenta unha conexión directa coa dimensión comunicativa, intercultural e cívica necesarias para fomentar unha cidadanía responsable.

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a LOMLOE, as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturais da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no Marco común europeo de referencia para as linguas, son claves significativas que quedan reflectidas nesta programación.

A través dela preténdese permitir que o alumnado coñeza e asuma de xeito responsable os seus dereitos e deberes partindo da aprendizaxe dos valores democráticos e da cidadanía activa. Así mesmo, que poida comunicarse oralmente e por escrito de xeito eficaz nas linguas estudadas, con respecto cara o bilingüismo da nosa comunidade e aceptación da nosa diversidade lingüística.

Cunha clara vocación educativa e de aprendizaxe, onde os alumnos aprenden inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico, que permiten de maneira inconsciente e natural a adquisición da lingua estranxeira, e que encerran o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira, non só como unha materia máis, senón coma o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable, promóvese tamén a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e ós valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa da Educación Secundaria.

Este proxecto ten en conta cambios tan significativos e evidentes coma a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente no alumnado á hora de aprender, de comunicarse ou de executar unha tarefa, elementos que se converteron nunha prioridade e nun instrumento clave no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ó longo de toda a vida.

Neste proxecto, o profesorado deberá crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe, atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada persoa e á busca do desenvolvemento do talento de cada unha delas.

Así mesmo preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinará accións, impulsando actitudes positivas cara ó idioma e á cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ó novo e á creatividade, participando de maneira activa e reflexiva, e tratando os erros coma sinais de progreso. Pola súa parte, o alumnado debe participar de maneira activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

En definitiva, a finalidade do noso proxecto é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira todas as competencias marcadas pola LOMLOE, centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística e nas sociais e cívicas, pero facendo especial énfase, ademais, en aprender a aprender e no sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Por outra banda, incorporar o conxunto de elementos transversais no proceso de aprendizaxe. Como é de agardar, a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC traballaranse intensamente ó longo de todo o proceso. Así mesmo terán cabida na aprendizaxe deste ámbito a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL     | CP    | STEM | CD        | CPSAA   | CC    | CE  | CCEC  |
|--|---------|-------|------|-----------|---------|-------|-----|-------|
| OBX1 - Identificar e comprender a natureza histórica das relacións sociais, das actividades económicas, das manifestacións culturais e dos bens patrimoniais materiais e inmateriais que compartimos, analizando as súas orixes e evolución e identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos, os problemas actuais e os seus valores presentes, para realizar propostas que contribúan a respectar os sentimentos de pertenza, o benestar futuro e o desenvolvemento da sociedade.   | 1-2-3   |       | 5    | 1-2-3     | 1-3     | 1-4   | 1   | 1-2-3 |
| OBX2 - Comprender as orixes e a evolución dos procesos de integración europea e a súa relevancia no presente e no futuro da sociedade española e das comunidades locais, destacando a contribución do Estado, as súas institucións e as entidades sociais á paz, á cooperación internacional, á cohesión social, á solidariedade territorial, ao desenvolvemento sustentable e á cidadanía global con base nos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, para contribuír a crear un mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto no que se recoñeza a conformación dunha realidade multicultural e se valore a contribución dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión evitando discriminacións e violencias. | 1-2-3   |       | 1    | 1-2-3     | 1-3     | 2-3-4 | 1-3 | 3     |
| OBX3 - Valorar os principios básicos do sistema democrático e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, analizando de forma crítica as formulacións históricas e xeográficas, as institucións e as diferentes organizacións políticas e económicas en que se manifestan, para adecuar o comportamento propio ao cumprimento dos devanditos principios.   | 1-2-5   | 3     | 1    | 1-2-3     | 1-3     | 2-3-4 | 2   | 1-3   |
| OBX4 - Comunicar en lingua castelá e galega de maneira cooperativa e respectuosa, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e á súa adecuación a diferentes ámbitos e contextos, para dar resposta a necesidades concretas   | 1-2-4-5 | 1-2-3 | 1-4  | 1-2-3-4-5 | 1-2-3-4 | 1-3   | 1-3 | 1-2   |

| Obxectivos  | CCL     | CP    | STEM | CD        | CPSAA | CC    | CE  | CCEC    |
|---|---------|-------|------|-----------|-------|-------|-----|---------|
| OBX5 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á par que respectuoso coa propiedade intelectual. | 1-2-3-5 | 1-3   | 2    | 1-2-3-4-5 | 4     | 3     | 1-3 | 2-4     |
| OBX6 - Ler, interpretar e valorar fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos co fin de conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozar da literatura e crear textos de intención literaria.                   | 1-4-5   | 1-2-3 | 1    | 1         | 1     | 1-3   | 1-3 | 1-2-3-4 |
| OBX7 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.  | 1-2     | 1-2-3 | 2-4  | 2-3       | 4-5   | 1-3-4 | 1-3 | 1-2-3   |
| OBX8 - Comprender e interpretar, en lingua estranxeira, o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.   | 2-3     | 1-2   | 1    | 1         | 5     |       |     | 2       |
| OBX9 - Producir, en lingua estranxeira, textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.  | 1       | 1-2   | 1    | 2         | 5     |       |     | 2       |
| OBX10 - Interactuar en lingua estranxeira con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.   | 5       | 1-2   | 1    | 3         | 3     | 3     |     |         |

| Obxectivos   | CCL | CP    | STEM | CD | CPSAA | CC  | CE | CCEC |
|--|-----|-------|------|----|-------|-----|----|------|
| OBX11 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.                                       | 5   | 1-2-3 | 1    |    | 1-3   | 1-3 |    | 1    |
| OBX12 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas. |     | 2     | 1    | 2  | 1-5   |     |    |      |

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                          | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Tratamento da información       | Dedicaremos esta unidade ao manexo de diversas fontes de información para a realización de tarefas ou proxectos de investigación sobre temas curriculares e outros aspectos vinculados á realidade socio-histórica, lingüística, literaria e cultural.   | 6              | 30         | X        | X        | X        |
| 2  | Comprensión e expresión oral    | Dedicarase a presente unidade á comprensión e creación de textos orais planificados segundo os moldes xenéricos aos que pertencen e construídos dun xeito cohesionado, coherente e adecuado ao contexto.   | 16             | 39         | X        | X        | X        |
| 3  | Comprensión e expresión escrita | Esta unidade didáctica está destinada ao desenvolvemento dunha comprensión escrita eficaz por parte do alumnado. Para iso, realizaranse tarefas que impliquen: captar o sentido global dun texto e a información máis relevante en función do propósito de lectura e do contexto no que este se produce. | 16             | 40         | X        | X        | X        |
| 4  | Linguaxe e Comunicación         | Dedicarase esta unidade ao estudo e aplicación da comunicación como o medio de comprender e construír mensaxes dialóxicas, empregando rexistros distintos dentro dunha mesma lingua ou incluso idiomas diferentes.   | 6              | 30         | X        |          |          |

| UD | Título                                | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 5  | Reflexión sobre a lingua              | A presente unidade está dedicada á reflexión metalingüística co fin de que o alumnado acade unha mellor comprensión e interpretación crítica das producións alleas e constrúa os textos propios atendendo aos criterios de coherencia, cohesión e adecuación. | 13             | 40         |          | X        |          |
| 6  | Educación Literaria                   | O propósito desta unidade reside na aproximación do alumnado a unha autonomía lectora como fonte de gozo e medio de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.  | 13             | 40         |          |          | X        |
| 7  | Tempos de cambios e novas sociedades. | Nesta unidade abórdanse os feitos destacados e manifestacións artísticas dos séculos XIX, XX e XXI dende as bases históricas ata a actualidade.   | 6              | 30         |          | X        | X        |
| 8  | Out and about                         | Vocabulario sobre a cidade e actividades. Artigos e cuantificadores. Present simple   | 3              | 19         | X        |          |          |
| 9  | Learning today                        | Vocabulario sobre a escola e transporte. Present simple e present continuous  | 3              | 19         | X        |          |          |
| 10 | A look at the past                    | Vocabulario sobre a familia e traballo. There was/there were. Past simple affirmative   | 3              | 19         | X        |          |          |
| 11 | Pushing limits                        | Vocabulario sobre emerxencias. Past simple negative and interrogative   | 3              | 19         |          | X        |          |
| 12 | Great stories                         | Vocabulario sobre natureza. Past continuous affirmative, negative and interrogative   | 3              | 19         |          | X        |          |
| 13 | Women in city                         | Vocabulario sobre a vida e crimes. Can/could, must, should  | 3              | 19         |          | X        |          |
| 14 | This is us                            | Vocabulario sobre adxectivos. Comparativos e pronomes posesivos   | 2              | 19         |          |          | X        |
| 15 | A better world                        | Vocabulario sobre o medio ambiente. Be going to, present continuous con significado de futuro   | 2              | 19         |          |          | X        |
| 16 | Into the future                       | Vocabulario sobre tecnoloxía e elementos do día a día. Will e condicional   | 2              | 19         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD              | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 1  | Tratamento da información | 30       |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|                         |                        |    |   |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Realizar pequenas investigacións a distintas escalas temporais e espaciais e transferir adecuadamente a información xerando produtos orixinais e creativos como narracións, pósteres, dosieres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e levar a cabo exposicións orais sobre temas de interese persoal con coherencia e fluidez e producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa.  | Recolle información de diferentes fontes e elabora textos e traballos en diferentes formatos nos que se expliquen de xeito suficiente algúns feitos históricos ou actuais. |    |     |
| CA2.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as súas variedades dialectais, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español e do galego, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.                       | Recoñece e valora as linguas oficiais de España.   |    |     |
| CA3.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a distintos propósitos de lectura.  | Comprende a información máis relevante de diversos textos en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor.  |    |     |
| CA3.7 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, tanto analóxicas como dixitais, evitando os riscos de manipulación e desinformación e calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelabora e comunícala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico respectando os principios de propiedade intelectual. | Localiza, selecciona e contrasta información procedente de distintas fontes evitando riscos de manipulación.   | TI | 100 |
| CA3.8 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.  | Elabora traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma.  |    |     |
| CA4.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a diferentes propósitos de lectura.   | Comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante de textos.  |    |     |
| CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.   | Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións do emisor.   |    |     |



| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución                       | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes. | Extrae e analiza o sentido global de textos. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade e territorio.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracións institucionais.</li> <li>- Alfabetización informacional.</li> <li>- Procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.</li> <li>- Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.</li> <li>- Análise dos riscos e consecuencias da manipulación e a desinformación e a vulneración da privacidade.</li> <li>- Achegamento ao correcto emprego do sistema de citación e uso das referencias bibliográficas nas creacións propias.</li> <li>- Utilización responsable das tecnoloxías da información e da comunicación. Uso de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais, tanto para a procura de información como para a realización de proxectos escolares.</li> <li>- Interpretación e produción de textos propios das redes sociais e os medios de comunicación. Etiqueta dixital. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Lectura autónoma.</li> <li>- Estratexias para a recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando de maneira básica a obra no xénero e subxénero literario correspondente. Emprego das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura. Respecto pola propiedade</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d</li> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                 | Duración |
|----|------------------------------|----------|
| 2  | Comprensión e expresión oral | 39       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|---|---|----|-----|
| CA1.2 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos.                  | Explica con certo grao de comprensión cales son os conflitos da actualidade e enumera institucións internacionais e nacionais que velan polos valores democráticos e a paz.           | TI | 100 |
| CA1.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional.   | Elabora un traballo expositivo sobre a importancia do constitucionalismo como base das democracias e no que se indique cales son os deberes e dereitos que todo cidadán debe cumprir. |    |     |
| CA1.8 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade que conformou a sociedade globalizada e multicultural actual recoñecendo a achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados e xerando unha conciencia solidaria mediante o traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Elabora en equipo un informe dos problemas das discriminacións actuais, localízalas espacialmente e achega solucións para erradicalas.  |    |     |
| CA1.9 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e adoptar un papel activo e comprometido coa contorna empregando estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.   | Expón de forma oral ou escrita cales son os organismos e movementos para a defensa dos dereitos humanos e enumera actitudes para a consecución da igualdade de xénero.                |    |     |
| CA2.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.  | Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua a partir da reflexión da análise dos elementos lingüísticos.  |    |     |
| CA2.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, tanto no ámbito persoal como educativo e social e profesional.   | Utiliza estratexias para a resolución dialogada de conflitos.   |    |     |
| CA2.5 - Aceptar e valorar a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.  | Valora a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal.   |    |     |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| <p>CA3.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.</p>   | <p>Realiza exposicións e argumentacións orais de certa extensión e complexidade.</p>   |    |   |
| <p>CA3.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.</p>  | <p>Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais.</p>   |    |   |
| <p>CA4.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados.</p>   | <p>Valora a forma e o contido de diferentes textos.</p>  |    |   |
| <p>CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.</p>  | <p>Extrae e analiza o sentido global e as ideas principais de textos orais.</p>  |    |   |
| <p>CA6.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.</p>   | <p>Organiza e aplica as estratexias necesarias para comprender o sentido xeral e os detalles máis relevantes dos textos.</p> |    |   |
| <p>CA6.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.</p>  | <p>Expresa oralmente textos sinxelos de forma coherente e adecuados á situación comunicativa.</p>                            |    |   |
| <p>CA6.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal, profesional ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras.</p> | <p>Participa e colabora de maneira activa en situacións cotiáns interactivas a través de diversos soportes.</p>              |    |   |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA6.8 - Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.   | Selecciona e organiza estratexias para establecer un proceso de comunicación.   |           |          |
| CA6.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.   | Explica textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en diversas situacións, apoiándose en diferentes recursos e soportes. |           |          |
| CA6.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.  | Aplica estratexias que facilitan a comunicación e expliquen e simplifiquen textos e mensaxes.                                     |           |          |
| CA6.11 - Comparar e argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.   | Compara e argumenta as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.  |           |          |
| CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio de outros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.  | Utiliza estratexias e coñecementos para comunicarse en lingua estranxeira.  |           |          |
| CA6.13 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Emprega estratexias para superar as dificultades da comunicación en lingua estranxeira  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Retos do mundo actual.</li> <li>- Compromiso cívico e global.</li> <li>- Os valores do europeísmo</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais.</li> <li>- A igualdade real de mulleres e homes e cohesión social.</li> <li>- O patrimonio como ben e como recurso.</li> </ul> |

## Contidos

- Afondamento nos fenómenos dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) dos bloques/das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión e creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. Comunicación emocional.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor.
- Produción oral formal. Planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Lectura autónoma.
- Implicación na lectura de forma progresivamente autónoma e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura sustentada en modelos.
- Selección, de xeito progresivamente autónomo, de obras variadas que inclúan autores e autoras a partir da utilización da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Estratexias de mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e
- Lectura guiada.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras. Discusións, o conversas literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais.
- Lecturas de obras ou fragmentos de textos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación)
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorno natural, tecnoloxías da info
- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et</li> <li>- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re</li> <li>- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers</li> <li>- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> </ul> |

| UD | Título da UD                    | Duración |
|----|---------------------------------|----------|
| 3  | Comprensión e expresión escrita | 40       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA3.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.  | Enriquece os textos atendendo aos aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo.  | PE | 45 |
| CA3.9 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisa os textos propios de maneira progresivamente autónoma.  |    |    |
| CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.  | Incorpora procedementos para enriquecer os textos.   |    |    |
| CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes. | Extrae e analiza o sentido global e as ideas principais de textos escritos e selecciona a información pertinente.  |    |    |
| CA6.2 - Interpretar e valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.  | Interpreta e valora os trazos discursivos de textos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e de textos literarios. |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA6.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.   | Selecciona e aplica as estratexias e coñecementos básicos en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral dos textos e interpretar elementos non verbais.                           |    |    |
| CA1.8 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade que conformou a sociedade globalizada e multicultural actual recoñecendo a achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados e xerando unha conciencia solidaria mediante o traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.                    | Elabora un traballo escrito sobre a sociedade cambiante, migrante e diversa na actualidade e no que se identifiquen problemas sociais e posibles solucións á discriminación social e das mulleres. |    |    |
| CA1.9 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e adoptar un papel activo e comprometido coa contorna empregando estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.  | Elabora informes, enquisas e noticias en equipo nas que se poñan en común ideas para evitar a desigualdade social e a discriminación das mulleres.   |    |    |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares</li> <li>- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da info</li> </ul> |

## Contidos

- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No Ámbito Lingüístico-social se desenvolverán de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave poñendo en práctica unha metodoloxía flexible e aberta.

A combinación dos contidos de Comunicación en Ciencias Sociais facilitará que o proceso de ensinanza-aprendizaxe se aborde dun xeito global e unitario a través do deseño de actividades interdisciplinares que integren os diferentes contidos do ámbito.

O punto de partida da aprendizaxe do alumnado son os seus coñecementos previos, centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno/a, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida. Esta aprendizaxe competencial ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos sexan capaces de aprender, pero tamén de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das competencias clave.

-Na área de Comunicación en lingua galega e castelá elaboraranse actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académico, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da situación comunicativa, o rexistro, a finalidade do texto e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Tamén se abordará a elaboración de resumos, esquemas e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual. Proponse, ademais, a planificación de exposicións orais sinxelas ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura (individual ou compartida), a comprensión e a análise de textos orais e escritos de diversa índole.

-En Ciencias Sociais as actividades elaboradas buscarán a identificación e localización espacial e temporal de feitos xeográficos e históricos, de personaxes, de ideas, de movementos, de manifestacións culturais, literarias e artísticas, recoñecendo e analizando de maneira crítica as grandes transformacións da sociedade ao longo dos períodos históricos máis significativos e no mundo cambiante da actualidade, investigando e contrastando as informacións procedentes de distintas fontes co fin de procurar un coñecemento nítido da evolución histórica e social do ser humano. Por medio de actividades como deseño de rutas (histórico-xeográficas), simulacións históricas, investigacións sobre temas curriculares, redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos, exposicións orais..., incentívase a iniciativa do alumnado e a súa creatividade, sentíndose parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A metodoloxía será activa a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. Empregaranse métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e

fomentando a capacidade de aprender por si mesmos, e realizaranse actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Darase un enfoque transversal a algunhas unidades didácticas como o tratamento da información e a comprensión e expresión oral e escrita xa que estes aspectos na aprendizaxe das linguas deben ser traballadas ao longo de todo o curso.

-As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta, ao abordar a lingua estranxeira, a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións. Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

A aprendizaxe do alumnado é maior e de máis calidade se se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ó nivel que mostra o alumno/a, debendo: iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro. Tanto o progreso como o erro son algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfire regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxanse ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrír as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo no alumnado. O noso proxecto toma en conta esta situación ó ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

Tamén será unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiren exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cales o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Libros de texto. No Ámbito Lingüístico-social: " Ambito Lingüístico-social, Diversificación Curricular 1", ed. Xerais, 2011.                         |
| Blogue do docente  |
| Aula Virtual   |
| Caderno de traballo do alumnado  |
| Cine histórico   |
| Programa Prensa-Escola. La voz de Galicia  |
| Recursos audiovisuais en inglés auténticos   |
| Materiais e actividades de elaboración propia  |
| Ferramentas TIC  |
| Material funxible  |
| Novelas históricas, novelas gráficas, comics...  |
| Mapas xeográficos e históricos   |
| Textos variados en diversos formatos (orais, escritos ou multimodais)  |
| Boletíns ou fichas con actividades de reforzo, ampliación e recuperación   |
| Materiais de investigación e consulta tanto dixitais como impresos.  |
| Dicionarios nos tres idiomas.  |
| Xogos online ou fichas interactivas relacionados coas diferentes unidades didácticas: páxinas como Cerebriti, Liveworksheets, Wordwall, Didactalia.. |
| Vídeos de historia "La cuna de Halicarnaso".   |

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica do ámbito debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación e contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais ou e grupo que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, empregaranse diversos materiais e recursos dixitais ou en formato tradicional elaborados polo docente. O uso de textos en diversos formatos e soportes tamén será esencial na metodoloxía deste ámbito e, finalmente, as ferramentas informáticas serán imprescindibles para alcanzar os obxectivos propostos.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas de competencias próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de

actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diversas tipoloxías, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

Finalmente, o uso das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

Non debemos esquecernos da Aula Virtual pois, ademais de ser un medio idóneo de conexión e comunicación entre o docente e o alumnado, permite, grazas ás ferramentas que contempla, deseñar diversas actividades facilmente corrixibles e puntuables coas que poder reforzar ou ampliar coñecementos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de detectar dificultades e adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación inicial permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado e, deste xeito, poder atender á diversidade que nos atopamos na aula.

En Lingua estranxeira, a comezos de curso farase unha proba inicial que permita comprobar o nivel real de cada alumno/a e da clase en xeral. Terá un carácter meramente informativo. Esta proba permitirá tomar as primeiras medidas de adaptación no caso de que sexan necesarias.

Nas materias de Lingua galega e Literatura, Lingua castelá e Literatura e Xeografía e Historia, o nivel do alumnado establecerase a partir das actividades realizadas na aula nos primeiros días do curso, nos que se traballarán textos orais e escritos para determinar a competencia lingüística nos dous idiomas e os coñecementos previos do alumnado tanto das dúas linguas como da área de Sociedade. A partir destes coñecementos se construírá a súa aprendizaxe.

Así mesmo, contéplase unha proba inicial ou diagnóstica oral ou escrita ao comezo de cada unidade didáctica coa finalidade de valorar os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema e coñecer a súa predisposición cara o tema que se vai a traballar, permitindo así escoller a proposta didáctica máis adecuada para abordar a unidade. A docente poderá tamén detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Estas probas iniciais por unidade consistirán, segundo a ocasión, na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro ou falso, tormenta de ideas, redaccións, visualización de pequenos audiovisuais, etc.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-------------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|-------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | 6    | 16   | 16   | 6    | 13   | 13   | 6    | 3    | 3    | 3     |
| <b>Proba escrita</b>          | 0    | 0    | 45   | 50   | 60   | 65   | 80   | 30   | 0    | 30    |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 100  | 100  | 55   | 50   | 40   | 35   | 20   | 70   | 100  | 70    |

| Unidade didáctica           | UD 11    | UD 12    | UD 13    | UD 14    | UD 15    | UD 16    | Total      |
|-----------------------------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>3</b> | <b>3</b> | <b>3</b> | <b>2</b> | <b>2</b> | <b>2</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 0        | 30       | 0        | 0        | 0        | 20       | <b>34</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 100      | 70       | 100      | 100      | 100      | 80       | <b>66</b>  |

### Crterios de cualificación:

Lingua estranxeira (25% do Ámbito):

Os criterios de cualificación para 4º PDC son os seguintes:

- Exames (70%). Estes contarán de exames parciais (un por cada tema), e que contarán cun peso máximo do 30%, e unha serie de exames finais: gramática e vocabulario (40%), listening (15%) e reading (15%).

-Comportamento (10%).

-Traballo na clase e tarefas (10%).

-Proxecto (10%): En cada avaliación, o alumnado irá aos ordenadores facer un traballo que implique o uso das TICs.

Para poder aprobar, o alumno/a deberá ter unha media de mínimo 5 entre todos os exames (parciais e finais). De non chegar ao 5, terase en conta a situación específica de cada alumno/a.

A avaliación da materia de inglés é continua, polo que, no suposto de que algún alumno non obtivese unha cualificación positiva nalgunha das avaliacións, poderá recuperala aprobando a seguinte. Non se establecen exames de recuperación durante o curso, entendendo que se se supera a materia no último trimestre a materia será aprobada.

O alumnado deberá asistir ás probas de avaliación na data e hora sinaladas. No caso de non asistencia terá que presentar un documento de xustificación oficial (asistencia ao médico ou ante as autoridades pertinentes).

Lingua galega e Literatura, Lingua castelá e Literatura, Xeografía e Historia (75% do Ámbito):

-O 70% corresponderá ás competencias desenvoltas amosadas nas probas escritas ou orais realizadas ao longo de cada trimestre:

Cada trimestre faranse, como mínimo, dúas probas escritas nas que se valorará a adquisición das competencias e se cualificará o grao

de consecución dos contidos das tres materias por parte do alumnado. Nelas sempre se especificará o valor de cada pregunta. Farase

media entre estes exames solo en caso de obter un 3,5 sobre 10 (3,5/10). A nota media destas probas terán un valor de 50%. Faranse,

ademais, dúas probas orais sobre os dous libros de lectura (un en galego e outro en castelán) que o alumnado lerá en cada

trimestre. Estas probas terán un valor de 20% (10% cada unha das lecturas).

-O 30% repartirase do seguinte modo:

- Un 10% referirase á realización de actividades cotiás da casa e da clase e contemplará aspectos como a puntualidade, o comportamento, a actitude, o material, a participación respectuosa na clase, etc.

- O traballo na Aula Virtual, que será habitual ao longo do curso, será recollido nunha serie de tarefas (dúas como mínimo) que terán un valor conxunto de 10%.

- Por último, teranse en conta o caderno e outros traballos escritos propostos pola docente sobre algún aspecto dos contidos cun valor de 10%.

Por faltas de ortografía, caligrafía ilexible, presentación descoidada, puntuación, etc., poderase descontar en cada

exame ou traballo

até un máximo de 2 puntos (1½ por faltas de ortografía e 0½ pola presentación). Articularanse sistemas de recuperación (fichas, actividades de reforzo, cadernos de ortografía) no caso daqueles alumnos/as que cometan faltas deste tipo.

A cualificación trimestral será o resultado da suma destas cualificacións e para ser positiva non poderá ser inferior a 5. Desta nota calcularase un 75% que se sumará ao 25% da nota de Lingua Estranxeira, como se establece no currículo.

Se a nota é inferior a 5 establecerase un data de recuperación, posterior á avaliación, para realizar un exame escrito no que se recollan todos os aspectos avaliados no trimestre e se poidan entregar todos os traballos que non acadaron unha valoración positiva. Os criterios de cualificación serán os mesmos que nas avaliacións.

A nota final de curso resultará da media entre as tres avaliacións, tendo en conta que só se realizará esa media se en cada avaliación alcanzaron o 3½/10.

O alumnado con algunha avaliación suspensa deberá ser avaliado novamente da materia non superada seguindo os criterios de recuperación.

### **Criterios de recuperación:**

Lingua estranxeira:

A nota da terceira avaliación e da avaliación final será a mesma no caso de inglés. Este feito xustifícase polo carácter continuo que caracteriza a materia. As probas faranse a finais de xuño, e no caso de non acadar unha cualificación positiva, o alumno ou alumna promocionará de curso coa materia de inglés pendente. En todo momento, terase en conta a situación específica de cada estudante.

Lingua galega e Literatura, Lingua castelá e Literatura, Xeografía e Historia:

O alumno ou alumna que tras a avaliación e a recuperación posterior non supere algunha avaliación terá que recuperar a materia no período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final, que se dedicará a reforzar e dar apoio ao alumnado para que poida superar aquela parte da materia que teña suspensa. Isto levarase a cabo a través da elaboración de actividades de repaso e reforzo dos contidos estudados ao longo do curso e a revisión dos cadernos, traballos tanto da aula como da Aula Virtual e probas de lectura, que se poderán completar durante este período e deberán presentarse antes do exame final. Para obter unha cualificación positiva a nota do exame final deberá ser superior a 5 nunha escala de 1-10. A nota calcularase do seguinte xeito:

- a. Exercicios de repaso e traballos de aula: 10%
- b. Traballos da Aula Virtual: 10%
- c. Caderno: 10%
- c. Lecturas: 20%
- d. Exame: 50%

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Un dos elementos que promove a LOMLOE é a atención para a diversidade. É claro que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos/as ten efectos diferentes en función do coñecemento e da experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades e os seus intereses e motivacións.

A avaliación inicial facilitará a detección das necesidades do alumnado. Ademais, faremos un seguimento personalizado co fin de que cada alumno/a desenvolva ao máximo as súas potencialidades. Para iso, cando na aula se detecten casos de alumnos/as que requiran unha atención especial referente ao seu proceso de aprendizaxe ou comportamento, incorporaranse actividades específicas que permitan a adquisición de aprendizaxes a distinto nivel. Nun grupo reducido como é o do PDC é máis doado tanto o achegamento ás características individuais de cada alumna/o como a selección e gradación das actividades de reforzo, consolidación ou ampliación.

En Lingua Estranxeira, no material destinado ao profesor (Teacher's Manual) propóñense actividades de reforzo e consolidación para o alumnado así como notas para o profesor, consellos didácticos, para afrontar diferentes expectativas do alumnado.

Nos Teacher's All-in-One Pack o profesor dispón de páxinas fotocopiáveis de consolidación e de ampliación por unidade.

En calquera caso, de detectarse alumnado con especiais dificultades no proceso de aprendizaxe, o departamento, asesorado pola docente de dito alumnado, proporcionará material específico máis básico (vocabulario, use of English) para traballar fóra da aula, dun xeito que permita ao alumno reforzar/recuperar coñecementos básicos para a súa correcta evolución. Esta medida só será aplicable a alumnos que teñan demostrado certas carencias de coñecementos, e unha actitude positiva cara ao aprendizaxe da materia.

En Lingua castelá e Literatura, Lingua galega e Literatura e Xeografía e Historia, a diversidade se abordará a través dunha aprendizaxe gradual e progresiva de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. Utilizaranse métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e, cando se considere oportuno, se recorrerá ao traballo cooperativo no que a interacción entre o alumnado suporá, ademais, un enriquecemento individual e colectivo. A profesora proporcionará todos os materiais de reforzo ou ampliación -tanto dixitais como impresos- necesarios para a mellora da aprendizaxe.

No caso do alumnado con carencias máis básicas, seguiranse as pautas dadas polo Departamento de Orientación e realizaranse as ACIs axeitadas ao nivel do alumnado individualmente.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Educación para a Igualdade.                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - ODS.  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Prexuízos lingüísticos.                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Educación emocional e en valores.           | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Creatividade.                               | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - O emprendemento social e empresarial.       | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico. | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - Educación emocional.                        | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - Comprensión lectora.                       | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.11 - Expresión oral e escrita.                  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.12 - Comunicación audiovisual.                  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

|                                    | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 | UD 15 | UD 16 |
|------------------------------------|------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Educación para a Igualdade. | X    | X     | X     | X     | X     | X     | X     | X     |



|  | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 | UD 15 | UD 16 |
|--|------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| ET.2 - ODS.  | X    | X     | X     | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.3 - Prexuízos lingüísticos.                     | X    | X     | X     | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.4 - Educación emocional e en valores.           | X    | X     | X     | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.5 - Creatividade.                               | X    | X     | X     | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.  | X    | X     | X     | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.7 - O emprendemento social e empresarial.       | X    | X     | X     | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico. | X    | X     | X     | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.9 - Educación emocional.                        | X    | X     | X     | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.10 - Comprensión lectora.                       | X    | X     | X     | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.11 - Expresión oral e escrita.                  | X    | X     | X     | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.12 - Comunicación audiovisual.                  | X    | X     | X     | X     | X     | X     | X     | X     |

### Observacións:

Todos estes elementos transversais serán abordados ao longo do curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación emocional e a comunicación audiovisual, os prexuízos lingüísticos e o fomento do espírito crítico serán traballados en todas as unidades didácticas debido ao carácter do ámbito.

O resto dos elementos transversais serán traballados de forma coordinada con contidos máis específicos e a través de proxectos, como por exemplo, o Proxecto de Igualdade.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade   | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Charlas culturais  | Charlas culturais proporcionadas pola editorial Burlington  |          | X        |          |
| Celebración do día do libro e das letras galegas e outras datas relevantes | Traballo de busca de información de determinados autores e autoras. Traballarase de xeito interdisciplinar en colaboración con membros doutros departamentos.   | X        | X        | X        |
| Participación no club de lectura   | Fomentarse a participación nesta actividade que é idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética. | X        | X        | X        |

| Actividade                                 | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| A voz dos mércores                         | Con esta actividade os rapaces terán acceso todos os mércores ao periódico "La voz de Galicia" e, a través dela, poderá achegarse á linguaxe e estrutura deste medio de comunicación e aos temas de actualidade de interese xeral.  | X        | X        | X        |
| Visita a centros empresariais, fábricas... | Coñecemento da contorna.  |          | X        |          |
| Charlas e conferencias                     | Asistencia ás conferencias e charlas de interese histórico, literario, artístico que sexan adecuadas a este nivel. Esta actividade será interdisciplinar.   | X        | X        | X        |
| Visita de autores e autoras                | Esta actividade permite que o alumnado participe en debates e coñeza as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.  | X        | X        | X        |
| Visionado de películas                     | Esta é unha actividade moi apropiada para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar filmes baseados nalgúns dos libros lidos en clase ou nos clubs de lectura do centro. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as destrezas de comunicación do alumnado, as habilidades sociais, a autoestima e a expresión de emocións. | X        | X        | X        |

#### Observacións:

Con todas estas actividades preténdese fomentar a motivación e a aprendizaxe. Permiten, ademais, a socialización, a creatividade e descubrir gustos e habilidades do alumnado fóra do ámbito escolar, ademais do achegamento a unha aprendizaxe saíndo da rutina.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización.                 |
| Secunciáronse de maneira adecuada as unidades didácticas.                                      |
| Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica. |
| Alcanzáronse os obxectivos propostos na programación.  |

|  |
|--|
| <b>Metodoloxía empregada</b>   |
| Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.                  |
| Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto  |
| Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose aos seus intereses e necesidades e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes. |
| As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo) favorecendo a adquisición das competencias clave.                       |
| A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.   |
| Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...                 |
| Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores.  |
| Utilizáronse as TICs como un instrumento necesario para a aprendizaxe.   |
| Usáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)  |
| Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas.  |
| <b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>  |
| Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.   |
| As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.                      |
| Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).   |
| Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.   |
| Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.  |
| <b>Medidas de atención á diversidade</b>   |
| Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias ao alumnado que así o require.   |
| Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.                                 |
| Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.  |
| <b>Clima de traballo na aula</b>   |
| Traballáronse os contidos transversais nas diferentes unidades didácticas.   |

### **Descrición:**

Os indicadores de logro arriba enumerados pretenden avaliar a planificación, o proceso de ensino e a práctica docente. Recolleranse os datos en táboas de observación ao rematar o curso académico indicando as propostas de mellora e teranse en conta os resultados para cursos posteriores, modificando aqueles aspectos que non acadaron unha cualificación positiva.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Lingua estranxeira:

Para o seguimento do alumnado, o profesorado usará cadernos de aula (tanto en formato papel coma dixitais) para ir anotando toda aquela información relevante ao alumnado, e así poder atender ás súas necesidades reais.

As propostas de mellora para este curso son as seguintes:

- Limitar as fechas de entrega de traballos. Observouse que canto máis afastada no tempo se atopa a data de entrega dos traballos, máis retrasan a súa elaboración, co consecuente esquecemento dos contidos que se viron para realizar dito traballo. Por isto, limitar a cantidade de tempo dispoñible faría que o alumnado comezase canto antes a tarefa e recordase todo o necesario para facela.
- Facer redaccións na clase de maneira guiada. Ao enviar as redaccións como tarefas para a casa, observouse que na maioría dos casos se trataban de escritos copiados de Internet ou do propio libro de texto, sen levar a cabo un proceso de aprendizaxe. Por iso, considérase que a través dunha elaboración guiada na clase, o alumnado podería ter de maneira máis positiva os pasos para elaborar os diferentes escritos.
- Realizar saídas culturais dentro do posible. O contacto coa lingua inglesa en contextos reais suporía unha influencia moi positiva no alumnado. Por iso, semella unha boa idea acudir a obras teatrais, películas ou mesmo o intercambio virtual con alumnado doutros países.

Lingua castelá e Literatura, Lingua galega e Literatura e Xeografía e Historia:

Farase un seguimento da programación e da práctica docente e, de haber algunha proposta de mellora para poñer en práctica nos cursos seguintes, se rexistrará a final de curso na memoria. Empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para a avaliación do proceso de ensino.

## 9. Outros apartados